



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la selección por parte de la UE de la mina de Doade en Beariz entre otros proyectos estratégicos de materias primas críticas.**

Hace un año nos dirigimos al Gobierno por la selección por parte de la Comisión Europea de la primera lista de proyectos estratégicos de materias primas críticas, con un total de 47. El Estado español figuraba como el segundo, después de Francia, con más proyectos seleccionados en la citada lista.

Entre los 7 proyectos escogidos por la Comisión Europea en el Estado español aparecía la mina de litio en Doade, en Beariz, por considerar que podría contribuir al suministro de materias primas imprescindibles para el desarrollo tecnológico y la defensa y atendiendo a «sus estándares medioambientales y sociales, su viabilidad técnica y sus beneficios transfronterizos».

Sin embargo, cabe recordar que la mina de Doade ya se intentó abrir en 2020, pero la autorización fue denegada por la Xunta de Galicia tras un informe negativo de la Concesión de Explotación por parte de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil debido a su afectación a los acuíferos, es decir, fue rechazada por su impacto ambiental.

En 2025 la empresa volvió a presentar la solicitud de explotación ante la Consejería de Economía, Empleo e Industria, incluyéndose ahora entre los promotores la propia Xunta a través de su participación en la empresa público-privada Recursos da Galicia, que compró el 10% de la sociedad promotora Mina de Doade a Samca.

El proyecto de la mina de Doade contempla una mina subterránea y una planta de tratamiento de minerales en una zona que abarca los municipios de A Lama, Cerdedo-Cotobade y Beariz, y con un gran impacto ambiental por la explotación de pegmatita, una roca rica en litio y feldespatos. Cabe destacar que la promoción de esta y otras minas de minerales y materias raras o escasas forma parte del llamado Programa ReArm de la UE y que pretende destinar las materias primas a la carrera armamentística.



Recientemente ha trascendido una investigación del medio alemán Table.Briefings, que revela que varios proyectos mineros en la península ibérica, entre ellos la mina de Doade, han sido incluidos en la Lista de Proyectos Estratégicos de la UE, a pesar de no contar con el visto bueno de una evaluación técnica y ambiental inicial. Además, la filtración de documentos internos de la Comisión Europea pone de manifiesto que once proyectos que no estaban en el borrador del 20 de febrero de 2025 fueron repentinamente incorporados en la lista definitiva presentada el 7 de marzo, lo que incide aún más en los interrogantes en relación con la evaluación técnica previa.

De ser así, estaríamos ante una actuación de la Comisión Europea ilegal o, cuando menos, irregular por incluir 11 proyectos no contemplados inicialmente, y tras las consultas realizadas entre la Comisión Europea y los Estados miembros en el Consejo Europeo de Materias Primas Críticas.

La Comisión Europea ha rechazado todas las solicitudes de acceso a los informes y evaluaciones técnicas solicitados por distintas organizaciones y colectivos, negando así el derecho a la información, con base en «razones de seguridad y protección de intereses económicos y comerciales». Una posición que deja a las claras la opacidad y la falta de transparencia con la que se está llevando a cabo este proceso en un marco de incremento exponencial del gasto en defensa.

Debemos señalar que la posición del Gobierno español en esta cuestión es de seguidismo absoluto. De hecho, en su respuesta al BNG, el Ejecutivo reconoce que no presentó objeciones a las candidaturas a proyectos estratégicos procedentes de la Comisión Europea: *«Cada Estado miembro recibe de la Comisión las candidaturas a proyecto estratégico en su territorio y puede presentar objeciones. España ha recibido las candidaturas, así como la lista previa de proyectos seleccionados y no formuló objeciones»*.

Como venimos advirtiendo desde hace un año, tememos que la inclusión de la mina de Doade dentro de los llamados Proyectos Estratégicos sea una vía para acelerar y reducir los procedimientos administrativos de control y seguridad ambiental previos a la autorización, cuando, actualmente, se encuentra en fase de evaluación de impacto ambiental, pendiente de resolución por parte de la Xunta.

El proyecto de la mina de Doade no se justifica, ni desde un punto de vista ambiental, ya que fue rechazado hace años, ni desde el punto de vista de su utilización con fines armamentísticos y para cumplir con el mandato de la OTAN de aumentar el gasto en



defensa y la inversión en la industria militar, a costa de la inversión social y de los servicios públicos.

Se trata, por tanto, de una nueva forma de expolio de los recursos naturales en Galicia al servicio de intereses privados y en su mayoría extranjeros, principalmente de la industria tecnológica y de defensa, con un alto coste ambiental en el terreno en que se implantan y en las áreas de influencia, pero sin retorno ni beneficios sociales en los lugares en que se sitúan. Industrias de enclave que se limitan a extraer las materias primas, incidiendo gravemente en el medio natural para luego exportarlas y transformarlas fuera de nuestro país.

La Comisión Europea está a punto de hacer pública la segunda lista de nuevos proyectos. La mina de Touro o el proyecto de San Juan en A Gudiña presentaron proyectos ante la Comisión Europea y cabe pensar que podrían ser incluidos finalmente. Otros dos proyectos de enorme impacto y ante cuyo desarrollo el Gobierno del Estado deberá oponerse.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Tenía el Gobierno información previa acerca de la decisión de la Comisión Europea de incluir a última hora el proyecto de la mina de Doade en la primera lista de los 47 proyectos estratégicos de materias primas críticas determinante para el Programa ReArm de la UE?
2. ¿Ha corroborado el Gobierno que la inclusión de la mina de Doade, que no estaba en el borrador del 20 de febrero de 2025 y que posteriormente fue incorporada repentinamente en la lista definitiva presentada el 7 de marzo, cuenta con la consiguiente evaluación técnica? ¿Es consciente de que el proyecto ya fue rechazado hace años y que actualmente aún está pendiente de la segunda presentación de la evaluación ambiental por parte de la Xunta de Galicia?
3. ¿De no ser así, comparte que puede constituir una actuación cuestionable que la Comisión Europea declare como estratégico un proyecto minero que no cuenta con las evaluaciones técnicas y ambientales preceptivas?
4. ¿Ha consultado la Comisión Europea al Gobierno del Estado español sobre la inclusión de los 11 proyectos mineros no contemplados inicialmente, como es el caso de la mina de Doade, en el Consejo Europeo de Materias Primas Críticas?
5. ¿Qué valoración hace el Gobierno de que la Comisión Europea rechace las distintas solicitudes de informes y de evaluaciones técnicas realizadas que han sido presentadas



- por diversas organizaciones y colectivos dentro de este proceso? ¿Comparte que debería primar la transparencia y la información clara en este proceso?
6. ¿Por qué no ha presentado el Gobierno objeciones a la lista previa de proyectos seleccionados tal y como reconoció en la respuesta escrita remitida al BNG? ¿Comparte que cabría presentar objeciones en el caso de proyectos que, como el de la Mina de Doade, fueron incluidos a última hora, máxime si se confirma que no cuentan con la evaluación técnica preceptiva?
 7. ¿Se dirigirá el Gobierno a la Comisión Europea para que remita información clara sobre el proceso de selección de este proyecto para la extracción de litio como estratégico europeo, y si se han respetado los requisitos y procedimientos establecidos?
 8. ¿Tiene en cuenta el Gobierno el alto coste ambiental de la implantación de nuevas industrias de enclave en Galicia para la extracción de materias primas y recursos naturales que, sin retorno social, se destinan principalmente a la industria armamentística y de defensa? ¿Comparte esta política?

En Madrid, a 4 de junio de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

04 JUN. 2026 11:31:57

Entrada **117730**

Pregunta Mina de Doade

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á selección por parte da UE da mina de Doade en Beariz entre os proxectos estratéxicos de materias primas críticas.**

Hai un ano dirixíámonos ao Goberno pola selección por parte da Comisión Europea da primeira lista de proxectos estratéxicos de materias primas críticas cun total de 47. O Estado español figuraba como o segundo, despois de Francia, con máis proxectos seleccionados dentro da citada lista.

Entre os 7 proxectos escollidos pola Comisión Europea no Estado español aparecía a mina de litio en Doade en Beariz, por considerar que podería contribuír á subministración de materias primas imprescindíbeis para o desenvolvemento tecnolóxico e a defensa e atendendo aos “seus estándares medioambientais e sociais, a súa factibilidade técnica e os seus beneficios transfronteirizos”.

Porén, cabe lembrar que a mina de Doade xa se intentou abrir en 2020 mais a autorización foi denegada pola Xunta da Galiza despois dun informe negativo da Concesión de Explotación por parte da Confederación Hidrográfica do Miño Sil debido á súa afectación aos acuíferos, isto é, foi rexeitado debido ao seu impacto ambiental.

En 2025 a empresa volveu presentar a solicitude de explotación diante da Consellaría de Economía, Emprego e Industria, incluíndose agora entre os



promotores a propia Xunta a través da súa participación na empresa público-privada, Recursos da Galiza, que comprou 10% da sociedade promotora Mina de Doade a Samca.

O proxecto da mina de Doade contempla unha mina subterránea e unha planta de tratamento de minerais nunha zona que abarca os municipios da Lama, Cerdedo-Cotobade e Beariz e de grande impacto ambiental para a explotación de pegmatita, unha roca rica en litio e feldspatos. Cabe destacar que a promoción desta e outras minarías de minerais e materias raras ou escasas entra dentro do chamado Programa ReArm UE e que pretende destinar as materias primas á carreira armamentista.

Recentemente, transcendeu unha investigación do medio alemán, Table.Briefings, que revela que varios proxectos mineiros na península ibérica, entre eles a mina de Doade, foron incluídos na Lista de Proxectos Estratéxicos da UE, a pesar de non contar co visto e prace dunha avaliación técnica e ambiental inicial. Ademais, a filtración de documentos internos da Comisión Europea pon en evidencia que once proxectos que non estaban no borrador do 20 de febreiro de 2025, foron repentinamente incorporados na lista definitiva presentada o 7 de marzo, o que incide aínda máis sobre os interrogantes en relación á avaliación técnica previa.

De ser así, estaríamos ante unha actuación da Comisión Europea ilegal ou, cando menos, irregular por incluír 11 proxectos non contemplados inicialmente, e tras as consultas realizadas entre a Comisión Europea e os Estados membros no Consello Europea de Materias Primas Críticas.

A Comisión Europea rexeitou todas as solicitudes de acceso aos informes e avaliacións técnicas demandados por distintas organizacións e colectivos, negando así o dereito á información, con base en “razóns de seguranza e protección de intereses económicos e comerciais”. Unha posición que deixa ás claras a opacidade e falta de transparencia coa que se está levando a cabo este proceso nun marco de incremento exponencial do gasto en defensa.



Debemos sinalar que a posición do Goberno español nesta cuestión é de seguidismo absoluto. De feito, na súa resposta ao BNG, o Executivo reconece que non presentou obxeccións ás candidaturas a proxectos estratéxicos procedentes da Comisión Europea: *“Cada Estado membro recibe da Comisión as candidaturas a proxecto estratéxico no seu territorio e pode realizar obxeccións. España recibiu as candidaturas, así como a lista previa de proxectos seleccionados e non realizou obxeccións”*.

Como vimos advertindo desde hai un ano, moito nos tememos que a inclusión da mina de Doade dentro dos denominados Proxectos Estratéxicos, sexa unha vía para aceleración e reducir os procedementos administrativos de control e seguranza ambiental previos para a autorización, cando, actualmente, encóntrase en fase de avaliación de impacto ambiental, pendente de resolución por parte da Xunta.

O proxecto de mina de Doade non se xustifica, nin desde un punto de vista ambiental, pois xa foi rexeitado hai anos, nin desde un punto de vista da súa utilización para fins armamentistas e para cumprir co mandato da OTAN de incremento do gasto en defensa e investimento da industria militar, a costa do investimento social e de servizos públicos.

Trátase, por tanto, dunha nova forma de espolio dos recursos naturais na Galiza ao servizo de intereses privados e na súa maioría estranxeiros, principalmente da industria tecnolóxica e de defensa, cun alto custo ambiental no terreo en que se implantan e áreas de influencia, mais sen retorno nin beneficios sociais nos que se sitúan. Industrias de enclave que se limitan a extraer as materias primas incidindo gravemente no medio natural para logo exportalas e transformalas fóra do noso país.

A Comisión Europea está a punto de facer pública a segunda lista de novos proxectos. A mina de Touro ou o proxecto de San Xoán na Gudiña presentaron proxectos ante a Comisión Europea e cabe pensar que poderían ser incluídos finalmente. Outros dous proxectos de enorme impacto e ante cuxo desenvolvemento o Goberno do Estado debera oporse.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Tiña o Goberno información previa acerca da decisión da Comisión Europea de incluír a última hora o proxecto de mina de Doade na primeira Lista dos 47 proxectos estratéxicos de materias primas críticas determinante para o Programa ReArm da UE?
2. Corroborou o Goberno se a inclusión da mina de Doade, que non estaba no borrador do 20 de febreiro de 2025, e posteriormente foi incorporada repentinamente na lista definitiva presentada o 7 de marzo, conta coa conseguinte avaliación técnica? É consciente de que o proxecto foi xa rexeitado hai anos e que encóntrase na actualidade pendente aínda na segunda presentación de avaliación ambiental por parte da Xunta da Galiza?
3. De non ser así, comparte que pode constituír unha actuación cuestionábel que a Comisión Europea declare como estratéxico un proxecto mineiro que non conta coas avaliacións técnicas e ambientais preceptivas?
4. Consultou a Comisión Europea ao Goberno do Estado español sobre a inclusión dos 11 proxectos mineiros non contemplados inicialmente, como é o caso da mina de Doade, no Consello Europeo de Materias Primas Críticas?
5. Que valoración fai o Goberno de que a Comisión Europea rexeite as distintas solicitudes dos informes e de avaliacións técnicas realizadas que foron presentadas por diversas organizacións e colectivos dentro deste proceso? Comparte que debería primar a transparencia e información clara neste proceso?



6. Por que non presentou o Goberno obxeccións á lista previa de proxectos seleccionados tal e como recoñeceu na resposta escrita remitida ao BNG? Comparte que cabería presentar obxeccións no caso de proxectos que, como o da Mina de Doade, foron incluídos a última hora, máxime se se confirma que non contan coa avaliación técnica preceptiva?
7. Dirixírase o Goberno á Comisión Europea para que remita información clara sobre o proceso de selección deste proxecto para a extracción de litio como estratéxico europeo, e se foron respectados os requisitos e procedementos establecidos?
8. Ten en conta o Goberno o alto custo ambiental da implantación de novas industrias de enclave na Galiza para a extracción de materias primas e recursos naturais que, sen retorno social, son destinados principalmente á industria armamentista e de defensa? Comparte esta política?

Madrid, a 4 de xuño de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso